

CONVOCATORIA 10 DE SETEMBRO, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Acto informativo do MGSM con motivo do Día Mundial de Prevención do Suicidio

Este xoves 10 de setembro ás 17 horas, o Movemento Galego da Saúde Mental realiza unha **presentación para os medios de comunicación de propostas para avanzar na prevención do suicidio en Galicia**. O acto terá lugar no Centro Sociocultural do Ensanche, en Santiago de Compostela, co gallo do Día Mundial de Prevención do Suicidio.

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) vén chamando a atención sobre o incremento das mortes por suicidio en Galicia. Vén reclamando das autoridades gobernamentais, e en particular da Consellería de Sanidade, o cumprimento do seu deber de protección da saúde pública instándoas a implantar, seguindo as recomendacións da OMS, programas preventivos e a dotar suficientemente os servizos públicos de atención á saúde mental.

O día 10 de setembro é o Día Mundial de Prevención do Suicidio, instituído pola Organización Mundial da Saúde (OMS) para que nesa xornada se promova en todo o mundo unha maior información sobre este grave problema de saúde pública, co fin de reducir o estigma que pesa sobre as persoas que o realizan e para potenciar iniciativas útiles, tanto gobernamentais como comunitarias, co fin de previr a súa realización.

O suicidio pódese previr. É necesario para iso comezar por recoñecer a importancia humana, económica e social que reflicten as súas cifras, e así, en consecuencia, adoptar as medidas preventivas que se saben útiles e eficaces.

Tras o encontro cos medios de comunicación, o MGSM desenvolverá un acto informativo-sensibilizador aberto ao público en xeral a partir das 19 horas.

Encontro cos medios de comunicación

10 de setembro, 17:00h

Centro Sociocultural do Ensanche

Frei Rosendo Salvado 14-16 | Santiago de Compostela

Máis información na web www.movementogalegodasaudemental.gal

Se desexan ampliar información poden contactar co Movemento Galego da Saúde Mental:

Eliana Martíns | 699 908 968 | comunicacion@copgalicia.org